

PREPARAR A PROBA DE SELECTIVIDADE

Prácticas resoltas

3 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.

Os seguintes textos permiten elaborar unha composición que teña por tema central a evolución política durante o reinado de Fernando VII, entre 1814 e 1833. Mentres os documentos 1, 3 e 4 sinalan o inicio de tres etapas ben diferenciadas, que debes identificar e caracterizar, salientando as diferenzas entre elas, o documento 2 exemplifica a forma de pronunciamento que frecuentemente adoptou a tensión entre liberalismo e absolutismo, presente durante todo o reinado.

***Proba de Acceso á Universidade (Comisión Interuniversitaria de Galicia), opción 1 de setembro de 2002.**

DOC. 1. ANULACIÓN DA CONSTITUCIÓN DE 1812.

As Cortes [...] no mesmo día da súa instalación [...] despoixáronme da soberanía, pouco antes recoñecida polos mesmos deputados, atribuíndoa nominalmente á nación para apropiá-la para si eles mesmos e dar a esta, despois sobre tal usurpación, as leis que quixeron, imponéndolle o xugo de que forzosamente as recibise nunha nova Constitución [...]; e o que era verdadeiramente obra dunha facción, revestíano [...] de vontade xeral [...]. Declaro que o meu real ánimo é non só non xurar nin acceder á dita Constitución nin a decreto ningún das Cortes xerais e extraordinarias e das ordinarias actualmente abertas, a saber, os que sexan depresivos dos dereitos e prerrogativas da miña soberanía [...], senón o declarar aquela Constitución e tales decretos nulos e de ningún valor nin efecto, agora nin en tempo ningún, coma se non tivesen pasado xamais tales actos.

Decreto de anulación da Constitución de 1812 e da obra lexislativa das Cortes de Cádiz (1814)

DOC. 2. O PRONUNCIAMENTO DE PORLIER.

Españois: [...]. Obrigados pola necesidade, vendo que a verdade non pode chegar aos oídos do rei, sitiado a toda hora polos seus conselleiros [...], tomamos a terrible, pero indispensable, resolución de reclamar coas armas na man o que se negou ás nosas solicitudes. O noso obxecto é o de España enteira: unha monarquía sometida a leis xustas e sabias, e constituída dun xeito que sexa garantía, o mesmo das prerrogativas do trono que dos dereitos da nación. Pedimos a convocatoria de Cortes nomeadas polo pobo, e que estas teñan liberdade de facer na Constitución proclamada polas Cortes extraordinarias, os cambios que exige a nosa situación.

Manifiesto que dirixe á Nación española a Xunta Provincial de Galicia, presidida por Juan Díaz Porlier, en 1815

DOC. 3. FERNANDO VII ACEPTA A CONSTITUCIÓN DE CÁDIZ.

Mentres eu meditaba maduramente coa solicitude propia do meu paternal corazón as variacións do noso réxime fundamental que parecían máis adaptables ao carácter nacional e ao estado presente das diversas opcións da monarquía española, así como máis análogas á organización dos pobos ilustrados, fixéstesme comprender a vosa arela de que se restablecese aquela Constitución que entre o estron-do das armas hostís foi promulgada en Cádiz no ano de 1812, ao propio tempo que con asombro do mundo combatiades pola liberdade da patria. Oín os vosos votos, e como tenro pai condescendín ao que os meus fillos consideran que conduce á súa felicidade. Xurei esa Constitución pola que deveciades, e sempre serei o seu máis firme apoio [...]. Marchemos francamente, e eu o primeiro, pola senda constitucional [...]


O 10 de marzo de 1820

DOC. 4. FERNANDO VII ANULA A CONSTITUCIÓN DE CÁDIZ EN 1823.

Sentado xa outra vez no trono de San Fernando pola man sabia e xusta do Omnipotente, polas xenerosas resolucións dos meus poderosos aliados e polos denodados esforzos do meu primo, o duque de Angulema, e o seu bravo exército, desexando prover o remedio ás máis urxentes necesidades dos meus pobos, e manifestar a todo o mundo a miña verdadeira liberdade, viñen decretar o seguinte:

1º. Son nulos e de ningún valor todos os actos do goberno chamado constitucional (de calquera clase e condición que sexan) que dominou os meus pobos desde o 7 de marzo de 1820 ata hoxe 1 de outubro de 1823, declarando, como declaro, que en toda esta época carecín de liberdade.

Fernando VII anula en 1823 os actos do goberno constitucional logo da intervención da Santa Alianza



PROMULGACIÓN DA CONSTITUCIÓN DE 1812, POR SALVADOR VINIEGRA Y LASSO, 1912.

Resposta modelo

En 1814, unha vez rematada a guerra de Independencia, regresaba a España o rei Fernando VII, quen, logo de denunciar que fora despojado da súa soberanía por quen pouco antes lla recoñecera e de declarar que non se atopaba no seu ánimo xurar a Constitución de 1812, aboliu, mediante o «decreto de anulación da Constitución de 1812 e da obra lexislativa das Cortes de Cádiz» (Doc. 1), de maio de 1814, toda a obra lexislativa das Cortes de Cádiz, «declarando aquela Constitución e tales decretos nulos e de ningún valor nin efecto, agora nin en tempo ningún, coma se non tivesen pasado xamais tales actos», polo que se **restauraba a monarquía absoluta**.

O **Sexenio absolutista** (1814-1820) caracterizouse, xa que logo, pola **supresión de todas as institucións liberais**, como os concellos constitucionais ou as Cortes, de todos os dereitos e liberdades recoñecidos (imprensa, comercio...) e de todas as medidas reformadoras (contribución única...) e pola restauración da Inquisición, dos antigos Consellos da Coroa, da Mesta, dos gremios, dos señoríos xurisdiccionais... Así mesmo, este primeiro período do reinado de Fernando VII estivo marcado por unha grande **inestabilidade goberamental** (o período de permanencia dos ministros no seu cargo era moi breve), que se traduciu nunha política errática agravada pola crise económica e pola guerra nas colonias americanas. Ademais, o período estivo marcado por unha violenta **represión** dos liberais e dos afrancesados (considerados traidores), que significou en moitos casos o cárcere, a morte ou o exilio no Reino Unido ou en Francia.

Non obstante, malia a violenta represión, os liberais, contando co apoio dos sectores máis progresistas do exército, seguiron loitando por restablecer a Constitución e por conseguir o sometemento da monarquía a «leis xustas e sabias e constituída dun xeito que sexa garantía das prerrogativas do trono e dos dereitos da nación», como se sinala no «Manifiesto dirixido á Nación española» (Doc. 2) polo militar liberal Juan Díaz Porlier en 1815, quen protagonizou na Coruña un dos oito **pronunciamentos militares** que se sucederon entre 1814 e 1820 co obxecto de **restablecer a orde constitucional** que Fernando VII suprimira en 1814.

Precisamente, como consecuencia do pronunciamento militar dirixido polo tenente coronel Rafael del Riego en Cabezas de San Juan (Sevilla) en 1820, o rei Fernando VII, aceptou a Constitución de 1812, da que dixo que sería «o seu máis firme apoio» (Doc. 3). Inaugurábase, dese xeito, **un novo período** no reinado de Fernando VII: o **Trienio liberal** ou constitucional (1820-1823).

O **Trienio liberal** caracterizouse pola recuperación da obra lexislativa das Cortes de Cádiz e pola adopción de novas medidas tendentes a construír un **sistema de liberdades políticas**. Así, durante ese período concedíase a liberdade a todos os presos políticos; restablecíronse nos seus cargos nos concellos e nas deputacións provinciais as autoridades constitucionais; restablecíase a liberdade de prensa, que foi o instrumento e a garantía da pluralidade ideolóxica, manifestada tamén nas numerosas sociedades patrióticas, nas que se debatían todos os temas de actualidade política e social; creouse a Milicia Nacional como corpo de voluntarios para a defensa do réxime constitucional; suprimíuse a Inquisición e as ordes monacais; abolíronse os gremios; e, finalmente, co obxecto de sanear a facenda pública, desamortizáronse os bens da Igrexa e suprimíronse as vinculacións e morgados da nobreza.



EXECUCIÓN DE PORLIER NA PRAZA DA LEÑA (A CORUÑA), 1815.

As **diferenzas entre os liberais moderados**, partidarios dunhas reformas moi limitadas, así como de restrinxir a soberanía nacional mediante o sufraxio censatario e a creación dun Senado aristocrático, e de alcanzar un compromiso coas anteriores clases dominantes e co rei, e **os liberais exaltados**, partidarios dun reformismo radical e de carácter popular, condicionaron a evolución política deste período, que ademais se enfrontou a outros problemas, como as intrigas antiliberais do rei –malia que en 1820 ao xurar a Constitución afirmara, como se le no Doc. 3, «marchemos francamente, e eu o primeiro, pola senda constitucional...»–, a acción da guerrilla realista, a independencia das colonias americanas, a permanente crise económica e as manobras da Santa Alianza tendentes a restablecer a monarquía absoluta en España.

Finalmente, en 1823, o rei francés Luís XVIII enviou, por orde da Santa Alianza, o exército dos **Cen Mil fillos de San Luís**, que ocupou o territorio español co apoio das tropas realistas e puxo fin ao Trienio liberal. Comezaba así un novo período do reinado de Fernando VII, a **Década ominosa** (1823-1833).

«Sentado xa outra vez no trono...», logo da intervención da Santa Alianza, Fernando VII decretou a nulidade de todos os actos do goberno constitucional, fosen cales fosen (Doc. 4). Iniciábase, deseguido, un período de violenta represión dos liberais, ao cargo da que estaba a Superintendencia General de Policía, as Comisións Militares e o corpo de voluntarios realistas, así como os tribunais de xustiza e as Xuntas de Fe, que provocou a morte, a prisión ou o exilio para numerosos liberais. Non obstante, malia a represión, o mesmo que no período absolutista anterior, ao longo desta década producíronse numerosas **conspiracións liberais**, como a protagonizada por Torrijos en Málaga en 1831.

Con todo, esta nova restauración absolutista non foi unha volta atrás completa; mesmo o monarca era consciente de que era necesario modernizar o país, polo que desenvolveron **algunhas reformas** que durarían no tempo, como a creación do Consello de ministros, a promulgación do código de comercio, a creación do Banco de San Fernando (antecedente do Banco de España), a fundación da Bolsa de Madrid, a renovación da minaría española...

Neste sentido, por todo o dito, o **reinado de Fernando VII**, pode caracterizarse como o **período da crise definitiva do Antigo Réxime**, que se manifestou cunha **loita permanente entre o liberalismo**, que aparece primeiramente representado nas Cortes de Cádiz, e o **absolutismo monárquico** e no que o exército exerceu, pola vía dos pronunciamentos, un papel determinante, que había de exercer en numerosas ocasións ao longo dos séculos XIX e XX.

3 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.

Os documentos seguintes deben permitirche elaborar un texto que teña por asunto central a vida política durante o reinado de Isabel II. Enfrontado desde os seus inicios á pretensión carlista (Doc. 1), os principais protagonistas do xogo político foron os progresistas (Doc. 2) e os moderados (Doc. 3), con claro predominio dos segundos. A aparición e desenvolvemento doutras forzas políticas opositoras ao réxime (Doc. 4) rematarían propiciando a caída da raíña por medio dun pronunciamento militar (Doc. 5), recurso frecuentemente utilizado para promover cambios de goberno. Lembra que non se trata de elaborar un tema á marxe das fontes propostas, polo que debes referirte a elas na túa redacción.

***Proba de Acceso á Universidade Comisión Interuniversitaria de Galicia, opción 2 de xuño de 2006.**

DOC. 1. IDEARIO DO CARLISMO.

Relixión, Patria e Rei [...]. Rei, digo por último, pero rei pola graza de Deus e non pola graza da soberanía nacional [...]. Segundo o liberalismo, da soberanía nacional emana todo o poder e os poderes que existen, negando deste xeito todo poder de orixe divina. Agora ben, isto está condenado pola Igrexa católica e con razón; pois a Escritura sagrada di expresamente: todo poder vén de Deus [...]. O liberalismo é puro absolutismo, porque se atribúe a si un poder que non lle vén de Deus, de quen prescinde, nin do pobo soberano, porque a este non se lle concede senón o van e ridículo dereito de depositar un billete nunha urna electoral.

María Teresa de Braganza y Borbón,
muller do infante Don Carlos

DOC. 2. PREÁMBULO DA CONSTITUCIÓN DE 1837.

Sendo a vontade da Nación revisar, en uso da súa soberanía, a Constitución política promulgada en Cádiz a dezanove de marzo de mil oitocentos doce, as Cortes xerais, congregadas a este fin, decretan e sancionan a seguinte Constitución.

DOC. 3. PREÁMBULO DA CONSTITUCIÓN DE 1845.

Dona Isabel II, pola graza de Deus e da Constitución da Monarquía Española, Raíña das Españas, a todos os que a presente viren e entenderen, sabede:

Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do Reino regularizar e poñer en consonancia coas necesidades actuais do Estado os antigos foros e liberdades destes reinos, e a intervención que as súas Cortes tiveron en todos os tempos nos negocios graves da Monarquía, modificando para o efecto a Constitución promulgada en 18 de xuño de 1837, vimos [...] en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía Española.

DOC. 4. TENDENCIAS POLÍTICAS DE 1860.

Os moderados representan un paso máis na escala do progreso, non conceden senón a medias o principio da soberanía nacional. Din: o rei ten o seu dereito de ser soberano, dereito histórico e de raza, pero o pobo tamén ten dereito a intervir co rei na xestión dos públicos intereses; e conservando as institucións do absolutismo, líganas o menos mal que poden coas novas, que deben satisfacer os desexos das clases acomodadas, e unha pequena parte das medias.

Os progresistas parten do principio da soberanía nacional, que colocan sobre todos os outros. O rei, segundo eles, éo porque a nación quere que o sexa, e non porque o herdara dos seus devanceiros [...].

Hai unha fracción demócrata que cre posible a amálgama da monarquía e dos principios democráticos, da liberdade individual e da soberanía nacional.

Segue a esta a fracción republicana propiamente dita. A democracia como réxime político quere, segundo vemos nas súas publicacións, no canto do rei, un consello ou xunta federal composta, como en Suíza, por un ou máis membros por cada provincia ou Estado. No canto de dúas cámaras, unha soa. No canto do censo electoral, o sufraxio universal para toda clase de eleccións. Os seus elementos máis activos pertencen ás profesións liberais, aos traballadores e artesáns, e unha parte máis considerable cada día á clase media.

Fernando Garrido caracteriza en 1860
as tendencias políticas do momento

DOC. 5. MANIFESTO DO PRONUNCIAMENTO MILITAR DE PRIM, SERRANO E TOPETE DE 1868.

Aldraxada a lei fundamental [...], corrompido o sufraxio pola ameaza e o suborno [...], pasto a Administración e a Facenda da inmoralidade [...], muda a prensa [...]. Tal é a España de hoxe [...]. Queremos que un Goberno provisional que represente todas as forzas vivas do país asegure a orde, en tanto que o sufraxio universal bota os alicerces da nosa rexeneración social e política.

Manifesto do pronunciamento militar comandado por
Prim, Serrano e Topete en Cádiz en setembro de 1868



BANQUETE DOS PROGRESISTAS EN MADRID, 1863.

Resposta modelo

A evolución política do reinado de Isabel II caracterizouse pola **consolidación da revolución liberal** que fracasara en dúas ocasións anteriores (1812 e 1820) e, xa que logo, polo **enfrentamento entre liberais**, que controlaron o poder político durante toda a etapa, e **carlistas**, que intentaron facerse co poder por medio da guerra e das conspiracións; non obstante, as tensións internas entre os liberais e o xurdimento e desenvolvemento de correntes liberais opostas (demócratas e republicanos), acabaron por provocar a caída da raíña en 1868.

Efectivamente, o 30 de setembro, o mesmo día despois da morte de Fernando VII, xa se produciron os primeiros enfrontamentos armados entre o exército isabelino e os carlistas que se agruparan en partidas guerrilleiras; no mes de novembro, a situación derivara xa en **guerra civil**, que acabou en 1839, tras o convenio de Vergara subscrito entre os xenerais Espartero e Maroto, e logo da derrota militar de Cabrera en 1840.

Os **carlistas**, aínda que non tiñan un programa político concreto, uníanse arredor dunha serie de **ideas fundamentais**: a **defensa da relixión e do absolutismo monárquico**, representado na figura do «Rei pola graza de Deus, non pola graza da soberanía nacional», como sinala María Teresa de Braganza e Borbón, a muller do infante Carlos, no Doc. 1, no que ademais fai unha crítica do liberalismo e da doutrina da soberanía nacional. Así mesmo, os carlistas defenderon o foralismo e os privilexios do Antigo Réxime, que en Galicia favorecerían exclusivamente á fidalguía e ao clero, que foron os seus principais defensores.

A chegada ao trono de Isabel II favoreceu a chegada ao poder dos liberais, tanto na súa expresión moderada coma na progresista, que alternaron no poder ao longo do seu reinado, aínda que con frecuencia eses cambios de goberno se producían á marxe dos mecanismos electorais. Non obstante, malia a súa identificación co liberalismo, entre **os moderados e os progresistas** existen abondas diferenzas, evidenciadas tanto na súa tarefa lexislativo constitucional (constitución progresista de 1837 fronte a constitución moderada de 1845) como na súa actividade gobernamental: mentres que **os moderados estiveron máis preocupados pola orde** (creación da Garda Civil) e **por manter boas relacións coa Igrexa** (sinatura do Concordato coa Santa Sé de 1851), **os progresistas estableceron as bases para a modernización económica de España** (desamortizacións de Mendizábal de 1837 e de Madoz de 1855, lei de ferrocarrís de 1855, fundación do Banco de España en 1856...).

O liberalismo progresista, que inspirou a **Constitución de 1837**, na que se recolle o principio da **soberanía nacional** no preámbulo do texto (Doc. 2) e unha **ampla declaración de dereitos**: liberdade de imprenta, *habeas corpus*, dereito a propiedade..., propios do pensamento progresista; así como outros principios propios do pensamento moderado: o bicameralismo, o papel moderador da Coroa –que se reservaba o dereito a disolver as Cortes e a vetar as leis–, o sufraxio censatario...

Finalizado o período convulso que caracterizou a rexencia (1822-1843), abriuse logo un período (1844-1868) dominado polos moderados (agás no breve bienio progresista de 1854-1856) no que estivo en vigor a **Constitución de 1845**, na que se ben se recollían algúns dos dereitos garantidos na Constitución do 1837 (liberdade de imprenta), suprimía outros (o xurado nos delitos de opinión) e establece o catolicismo como relixión oficial do Estado (art. 11); así mesmo, a



ISABEL II XURANDO A CONSTITUCIÓN DE 1837.

diferenza das constitucións progresistas, o liberalismo moderado non reconece o principio da soberanía nacional, senón que asumía a **soberanía compartida**, pois consideraban que a lexitimidade do Estado procedía tanto da institución monárquica (no preámbulo da Constitución de 1845 -Doc. 3-, reconécese que a raíña Isabel é «pola graza de Deus e da Constitución da Monarquía Española») como das Cortes.

Neste sentido, pois, cómpre salientar que o **principio de soberanía** é o elemento que mellor define as correntes liberais do século XIX. Así, segundo a opinión do republicano Fernando Garrido expresada nun artigo de 1860 (Doc. 4), xa que logo escrito durante o goberno longo de O'Donnell no que xa **agromaran forzas políticas** que nesa volta permanecían á marxe do sistema político (demócratas e republicanos), os moderados «representan un paso máis na escala de progreso» (Doc. 4) do pensamento político desde o absolutismo, aínda que non reconecen máis ca parcialmente o principio da soberanía nacional. Os progresistas, seguindo co argumento de Garrido, sitúan no centro do seu pensamento político a soberanía nacional, o mesmo ca os demócratas; non obstante, maniféstase claramente contra os demócratas, aos que acusa de pretender remexer nunha alianza imposible a monarquía e os principios democráticos da soberanía nacional e a liberdade individual, tomando partido claramente polo republicanismo, que era nese momento a nova forza opositora emergente e alternativa aos partidos monárquicos. Finalmente, o republicanismo, do que o autor é partidario, caracterízase como un réxime democrático no que o poder executivo reside nun consello ou xunta federal, o poder lexislativo reside nunha única cámara e o dereito a voto é universal.

En 1863, finalizado o período de hexemonía unionista, a **inestabilidade política**, provocada polas tensións internas no seo dos partidos políticos e a continua inxerencia da raíña nos asuntos do goberno, xunto coa crise económica de 1866, que afectou a todos os sectores produtivos e ás finanzas, foron as dúas circunstancias principais que confluíron no **derrocamento da raíña no transcurso da revolución de 1868**. Precisamente fronte a esa situación, que describen así no Manifesto publicado en Cadix en setembro de 1868: «aldraxada a lei fundamental [...], corrompido o sufraxio pola ameaza e o suborno [...], pasto a administración e a facenda da inmoralidade [...], muda a prensa [...]» (Doc. 5), e fronte á que se sublevaron os **militares progresistas** (Topete, Prim, Serrano, Dulce) co apoio de dirixentes políticos como Sagasta e Ruíz Zorrilla, que ao mesmo tempo querían evitar unha revolución social encabezada polos demócratas e protagonizada polas clases baixas e máis afectadas pola crise.

PREPARAR A PROBA DE SELECTIVIDADE

Prácticas resoltas

3 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.

Baseándote nos documentos que se presentan, debes realizar unha composición que teña por tema central a evolución política durante o Sexenio democrático (1868-1874). Debes comezar por comentar as circunstancias que conduciron á expulsión do trono de Isabel II e as aspiracións dos revolucionarios triunfantes (Doc. 1). A Constitución de 1869 supón a instauración dun novo réxime político, que debes caracterizar nos seus trazos esenciais (Doc. 2). As razóns do fracaso da fórmula monárquica (Doc. 3), a implantación do réxime republicano que a sucede e do proxecto federal (Doc. 4) que se intenta instaurar deben integrarse tamén na túa redacción. Para concluír, podes aludir ao fracaso final da República e á súa substitución por un novo réxime.

***Proba de Acceso á Universidade (Comisión Interuniversitaria de Galicia), opción 1 de setembro de 2008.**

DOC. 1. A REVOLUCIÓN DE 1868.

Aspiramos á liberdade de conciencia [...]. Imos, pois, establecer a liberdade de cultos.

Aspiramos á liberdade de sufraxio [...], proclamamos o sufraxio universal.

Aspiramos á liberdade da razón, e queremos o ensino libre, e que o pensamento escrito circule sen traba.

Aspiramos, en fin, á liberdade económica e de asociación [...].

Queremos Cortes Constituíntes, expresión fiel da soberanía da Nación, para que promulguen unha Constitución [...].

Cidadáns: Viva a liberdade! Viva a soberanía nacional! Abaixo os Borbóns!

Proclama da Xunta de Goberno de Málaga onde se suma á Gloriosa,
27 de setembro de 1868

DOC. 2. CONSTITUCIÓN DE 1869.

A Nación Española, e no seu nome as Cortes Constituíntes, elixidas por sufraxio universal, desexando afianzar a xustiza, a liberdade e a seguridade, e prover ao ben de cantos vivan en España, decretan e sancionan a seguinte Constitución [...]:

Art. 17.º Tampouco pode ser privado ningún español: do dereito de emitir libremente as súas ideas e opinións, xa de palabra, xa por escrito [...]. Do dereito de reunirse pacificamente. Do dereito de asociarse para todos os fins da vida humana que non sexan contrarios á moral pública [...].

Art. 32.º A soberanía reside esencialmente na nación, da cal emanan todos os poderes.

Art. 33.º A forma de goberno da Nación Española é a Monarquía.

Art. 34.º A potestade de facer as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.

Art. 35.º O poder executivo reside no Rei, que o exerce por medio dos ministros.

Art. 36.º Os tribunais exercen o poder xudicial.



REUNIÓN DE DEMÓCRATAS EN BARCELONA, 1869.

DOC. 3. ABDICACIÓN DE AMADEO I (11 DE FEBREIRO DE 1873).

Dous anos longos hai que cingo a coroa de España, e a España vive en constante loita, vendo cada día máis distante a era de paz que tanto desexo [...]. Todos invocan o doce nome da patria, todos pelexan e se axitan polo seu ben; e entre o fragor do combate, entre o confuso, atronador e contradictorio clamor dos partidos, entre tantas e tan opostas manifestacións da opinión pública, é imposible afirmar cal é a verdadeira, e máis imposible aínda atopar o remedio para tamaños males. Busqueino dentro da lei ansiosamente e non o atopei. Fóra da lei non ha buscalo quen prometeu observala [...].

Estas son, señores deputados, as razóns que me moven a devolver á nación, e no seu nome a vós, a Coroa que me ofreceu o voto nacional [...].

DOC. 4. PROXECTO DE CONSTITUCIÓN FEDERAL DE 1873.

Art. 1.º Compoñen a Nación Española os Estados de Andalucía Alta, Andalucía Baixa, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias [...].

Art. 39.º A forma de goberno da Nación Española é a República federal [...].

Art. 42.º A soberanía reside en todos os cidadáns, e exércese en representación súa polos organismos políticos da República constituída por medio do sufraxio universal.

Art. 43.º Estes organismos son: o Municipio, o Estado rexional, o Estado federal ou Nación [...].

Art. 45.º O poder da Federación divídese en poder lexislativo, poder executivo, poder xudicial e poder de relación entre estes poderes.

Resposta modelo

O 19 de setembro de 1868 producíase, como consecuencia do mal-estar político, económico e social que afectaba o conxunto dos españois desde os cinco anos anteriores, un novo pronunciamento militar que deu paso a un **proceso revolucionario** dirixido polas forzas políticas que subscribiran o **Pacto de Ostende** (demócratas, progresistas e unionistas) en 1866.

Non obstante, máis ca unha revolución social profunda, o obxectivo da burguesía e dos sectores máis acomodados da sociedade, que tiveron unha presenza destacada no proceso revolucionario, era **completar a transición** iniciada en 1833 **cara a unha sociedade plenamente burguesa**; de feito, os manifestos redactados polas Xuntas revolucionarias durante os días que durou a Gloriosa proclamaban a instauración dun réxime democrático que garanta as liberdades e os dereitos políticos da burguesía consagrado uns meses despois mediante a **Constitución democrática aprobada en 1869**.

Efectivamente, **as aspiracións da burguesía**, recollidas por exemplo na Proclama da Xunta de goberno de Málaga (Doc. 1), do 27 de setembro, referíanse fundamentalmente ás **liberdades e dereitos políticos**: liberdade de conciencia e de cultos, sufraxio universal, libre mercado e liberdade de asociación..., que axiña tomaron forma de decreto baixo o goberno provisional: **decreto de liberdade de ensino** e de reforma do ensino secundario, **decreto de liberdade de imprenta**, **supresión do imposto de consumos**, **sufrexio universal nas eleccións municipais** (decembro de 1868) e a Cortes (xaneiro de 1869)... Pero, o **desinterese polas reformas sociais** mostrado polo goberno provisional, que desoíu as demandas populares, provocou un afastamento entre os demócratas partidarios da monarquía (cimbríos) e os da república federal, máis radicalizados nas súas demandas sociais.

As Cortes constituíntes, constituídas en febreiro de 1869, contaban cunha maioría de deputados unionistas e progresistas (os republicanos, non obstante, eran unha minoría importante con 80 deputados), que plasmaron as aspiracións das clases dominantes na Constitución democrática de 1869 (Doc. 2), que establecían a soberanía da nación española, da que emanan todos os poderes (preámbulo e art. 32), incluída a monarquía, que se recoñecía como forma de goberno do Estado (art. 33). Así mesmo, a Constitución de 1869 establecía o sufraxio universal, instaurou un **sistema bicameral** (Congreso dos Deputados e Senado) e **recoñecía a división de poderes**:

- **poder lexislativo**: a potestade de redactar as leis reside nas Cortes, pero o Rei as sanciona e promulga (art. 34);
- **poder executivo**: reside no Rei, que o exerce por medio dos ministros (art. 35);
- **poder xudicial**: exercido polos tribunais (art. 36).

Por último, a Constitución de 1869 recoñecía numerosos dereitos e liberdades políticas: **liberdade de expresión**, **liberdade de reunión e asociación** (art. 17), así como a **liberdade de culto**, o dereito á residencia e de inviolabilidade do domicilio...

A **necesidade de buscar un monarca** que se adaptase aos requisitos establecidos na Constitución de 1869 (aceptación do principio da soberanía nacional), foi unha das tarefas de maior complexidade diplomática da **Rexencia de Serrano**, que ademais tivo que facer fronte á **guerra colonial iniciada en Cuba**; á **oposición** cada vez máis activa dos **carlistas** (defensores dunha monarquía tradicional, que durante o reinado de Isabel II protagonizaran dúas guerras civís) e dos **afonsinos** (partidarios do retorno dos Borbón na persoa de Afonso XII, fillo de

Isabel II); o permanente acoso dos republicanos, que non aceptaban a solución monárquica; e ao descontento das clases populares.

A **solución monárquica**, que chegou da man de **Amadeo de Saboia** –quen chegou a Madrid o 2 de xaneiro de 1871, uns días despois de que o seu principal valedor, o xeneral Prim, morrese nun atentado–, non resolveu ningún dos problemas herdados da rexencia; todo o contrario, provocou unha **maior inestabilidade política: división dos progresistas** en constitucionalistas (Sagasta) e radicais (Ruiz Zorrilla), **ruptura definitiva entre os demócratas monárquicos e os republicanos**, cada vez máis radicalizados... e, así mesmo, enfrontouse a unha vaga de **mobilizacións sociais** promovida polo nacente **movemento obreiro**, que se inspiraba no ideario internacionalista. Ademais, a monarquía de Amadeo tivo que enfrontarse á **terceira guerra carlista** (1872-1876) e á **guerra de Cuba**. Por estas e outras razóns, e debido á imposibilidade de atopar remedio para tamaños males dentro da lei, porque fóra dela «non ha lugar buscalo por quen prometeu observala» (Doc. 3), **Amadeo de Saboia abdicaba da coroa española, polo que se proclamaba a República o día 11 de febreiro de 1873**.

O **novo réxime constituíase**, daquela, **sobre unha base débil**, que se había de manifestar en varias ocasións: **catro presidentes** (Figueras, Pi i Margall, Salmerón e Castelar), **seis gobernos e unha gran diversidade de correntes políticas, que defendían diferentes modelos de Estado** (federal ou centralista), opostas entre si (tanto dentro do propio republicanismo coma no progresismo).

Celebradas as primeiras eleccións democráticas tras a instauración da República, constituíronse as Cortes cunha maioría federal, polo que proclamaron unha **república democrática e federal**, que había de consagrar a nova Constitución federal. Efectivamente, na Constitución federal de 1873 (Doc. 4) establecíase unha organización federal da Nación española dividida en 17 estados federais –incluídos Cuba e Porto Rico– (art. 1), declaraba a República federal como forma de goberno da Nación (art. 39), establecía o **sufrexio universal** (art. 42), **recoñecía o concello, o Estado rexional e o Estado federal** ou Nación os organismos representativos da cidadanía soberana (art. 43) e recoñecía un único poder da Federación dividido en poder lexislativo, executivo, xudicial e de relación entre os poderes.

Á debilidade inicial, así como aos conflitos militares (guerras carlista e de Cuba) e sociais herdados, a República federal presidida por **Pi i Margall** tivo que facer fronte á **sublevación cantonalista**, que pretendía levar o federalismo ata as últimas consecuencias políticas e sociais (democracia directa, autonomía dos concellos, supresión dos consumos e das quintas, redistribución da terra...), o que provocou unha nova división entre os republicanos federalistas: entre os intransixentes (cantonalistas), os transixentes (Pi, Suñer e outros, partidarios do entendemento cos cantonalistas) e os centralistas (partidarios da represión violenta do movemento cantonalista). A **incapacidade política dos federalistas** para instaurar un novo modelo de Estado e resolver os conflitos sociais, **deu paso a un goberno centralista**, que acantoo o debate constitucional *sine die* (polo que, a raíz dos sucesos posteriores, a Constitución federal quedou sen aprobar). A **república centralista presidida por Castelar tampouco deu resolto os problemas militares e políticos** nin foi quen de restablecer a orde que tanto interesaba á burguesía fronte á axitación social, razón pola que na sesión das Cortes do 2 de xaneiro de 1874, o xeneral Pavía deu un **golpe de Estado que deu paso á ditadura de Serrano, que rematou con outro golpe militar que deu paso á restauración borbónica** na figura de Afonso XII.

PREPARAR A PROBA DE SELECTIVIDADE

Prácticas resoltas

3 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.

Os seguintes documentos permiten elaborar unha composición sobre os fundamentos políticos da Restauración borbónica e o funcionamento real do sistema. Concibida como unha monarquía parlamentaria (Doc. 1) que se plasma na Constitución de 1876 (Doc. 2), a súa dinámica política estivo non obstante marcada pola manipulación das quendas pacíficas entre os dous grandes partidos dinásticos (Doc. 3), o protagonismo do caciquismo (Doc. 4) e o recurso sistemático á fraude electoral (Doc. 5). Lembra que non se trata de elaborar un tema á marxe das fontes propostas, polo que debes apoiarte nelas ao elaborar a túa redacción.

***Proba de Acceso á Universidade (Comisión Interuniversitaria de Galicia), opción 1 de setembro de 2003.**

DOC. 1. O PROGRAMA POLÍTICO DA RESTAURACIÓN.

Orfa a nación agora de todo dereito público e indefinidamente privada das súas liberdades, natural é que volva os ollos ao seu habitual dereito constitucional e á aquelas libres institucións que nin en 1812 impediron que defendese a súa independencia nin rematar en 1840 outra empeñada guerra civil [...].

Afortunadamente, a Monarquía hereditaria e constitucional posúe nos seus principios a necesaria flexibilidade [...] para que todos os problemas que traia o seu restablecemento consigo sexan resoltos de conformidade cos votos e coa conveniencia da nación. Non hai que agardar que decida eu nada en firme e arbitrariamente; sen Cortes non resolveron os negocios arduos os Príncipes españois alá nos antigos tempos da Monarquía, e esta xustísima regra de conduta non hei esquecerla eu na miña condición presente, e cando todos os españois están xa afeitos aos procedementos parlamentarios.

Manifiesto de Sandhurst, 1874

DOC. 2. CONSTITUCIÓN DE 1876.

Don Afonso XII, pola graza de Deus, rei constitucional de España; a todos os que as presentes viren e entenderen, sabede: Que en unión e de acordo coas Cortes do reino, actualmente reunidas, viñemos en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía española [...]:

Art. 11. A relixión Católica, Apostólica e Romana é a do Estado. A nación obrígase a manter o culto e os seus ministros [...].

Art. 18. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art 19. As Cortes están formadas por dous corpos colexisladores iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados [...].

Art.50. A potestade de facer executar as leis reside no Rei [...].

DOC. 3. SÁTIRA DO SISTEMA DE QUENDAS.



«A quenda»: Cánovas e Sagasta alternáanse como cociñeiro e cliente, pero España sempre frega os pratos.

DOC. 4. CRÍTICA AO CACIQUISMO NA POLÍTICA ESPAÑOLA.

Consecuencia de todo iso é o caciquismo, o entronzamento de certos individuos nas localidades, os cales, como instrumentos do deputado, son donos dos resortes administrativos [...]. O cacique dá e quita os miserentos postos de traballo dos que gozan os máis pobres do lugar; seus son o carteiro-peón, o secretario do Concello, o peón camiñeiro, o expendedor de efectos estancados. O cacique é quen, ao facer a repartición da contribución, carga a man ao adversario, alixeirando ao amigo [...]. Verdade é que o tirano da aldea, que tan grandes servizos presta ao deputado, someténdolle a localidade, abruma a este coas súas esixencias [...].

Benito Pérez Galdós, 1884

DOC. 5. DENUNCIA DA FRAUDE ELECTORAL.

Entre nós reina a farsa en toda a súa crueza, unha farsa completa, exclusiva das eleccións españolas. O mesmo se o sufraxio é universal que restrinxido, nunca hai máis ca un só elector: o ministro da Gobernación. Este cos seus gobernadores de provincia e o innumerable exército de empregados de todas as clases, sen excluír os altos cargos da maxistratura e do profesorado, prepara, executa e consoma as eleccións [...], desde o fondo do seu despacho, situado no centro de Madrid [...]. Nada hai que sexa sagrado: listaxes electorais, urnas, escrutinio, todo é falseado polos nosos políticos baixo a inmediata dirección do gobernador civil de cada provincia.

Valentí Almirall, republicano federal, 1880

Resposta modelo

Tras o fracaso da experiencia republicana (1873), o partido afonsino promoveu a **restauración da monarquía na figura de Afonso XII**, fillo da raíña Isabel II. O partido afonsino, foi unha iniciativa de **Antonio Cánovas del Castillo**, quen o dotou dun programa político resumido no lema «Paz e orde» e na fidelidade ao príncipe Borbón. Neste propósito apoiábano os sectores sociais que anteriormente respaldaran a ditadura de Serrano (1874), entre os que figuraban a Igrexa, o exército e as clases acomodadas (terratenentes, burguesía comercial, financeira e industrial).

Os fundamentos da Restauración borbónica están recollidos no **Manifesto de Sandhurst** (Doc. 1), redactado por Cánovas e asinado por Afonso XII en decembro de 1874 e na Constitución de 1876 (Doc. 2).

No Manifesto establécese o **carácter hereditario e constitucional da monarquía** ao que se alude en varias ocasións, así como ao seu carácter aberto e integrador: «a Monarquía hereditaria e constitucional posúe nos seus principios a necesaria flexibilidade», á súa longa tradición histórica —«sen Cortes non resolveron os negocios arduos os Príncipes españois alá nos antigos tempos da Monarquía»— e á súa implantación na sociedade española, «xa afeita aos procedementos parlamentarios». Así mesmo, no Manifesto recóllense outras ideas fundamentais da Restauración, como a **confesionalidade católica do Estado**.

A **Constitución de 1876** xiraba arredor de tres principios fundamentais, recollidos tamén no Manifesto: 1) a monarquía era a expresión da **continuidade histórica** da nación española; 2) a monarquía era a **garantía da orde social**; e 3) o **monarca era a pedra angular do sistema político**, en que a soberanía é compartida entre o Rei —«pola graza de Deus», o que supón renunciar ao principio da soberanía nacional— e as Cortes, ao ser á vez o **xefe do exército** e ao **concentrar os tres poderes**: lexislativo («a potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei», art. 18), executivo («a potestade de facer executar as leis reside no Rei», art. 50) e xudicial. Así mesmo, no texto constitucional sanciónase o **bicameralismo** das Cortes Españolas, formadas polo Senado e o Congreso dos Deputados (art. 19), e a **confesionalidade católica do Estado** («a relixión Católica, Apostólica e Romana é a do Estado, art. 11), aínda que se recoñece a liberdade re-

lixiosa. O texto constitucional, ademais, recolle numerosos **dereitos individuais**: liberdade de expresión, de reunión, de asociación, de petición..., e non regula o dereito ao voto, que quedou fixado por dúas leis electorais posteriores, a de 1878 (censatario) e a de 1890 (universal masculino).

O sistema político da Restauración deseñado por Cánovas baseábase na **alternancia pacífica** no poder dos dous **partidos dinásticos**: o **Conservador**, encabezado por Cánovas, e o **Liberal**, dirixido por **Sagasta**; aínda que ambos os dous coincidían en moitos aspectos debido a que eran **partidos de notables** (en contraposición aos «partidos de masas» actuais) sen definición ideolóxica precisa, o Partido Conservador defendía posturas máis moderadas e o Partido Liberal máis progresistas. Á marxe da alternancia, se ben formando parte do sistema de partidos da Restauración, quedaban os republicanos, os carlistas e os partidos que xurdiron ao abeiro dos movementos obreiro e nacionalista, como o PSOE ou a Liga Galega.

O **sistema bipartidista** precisaba dúas estratexias complementarias para funcionar correctamente: o **caciquismo** e a **fraude electoral**, que se ben outorgaban estabilidade ás quendas pacíficas, desprestixiaron progresivamente o sistema parlamentario. Este sistema bipartidista aparece caricaturizado nas viñetas que se presentan no Doc. 3, en que se representa a Cánovas e a Sagasta alternando na mesa (unhas veces como cociñeiros, outras como comensais) mentres que a nación española sempre se mantén como espectador na mesma posición subordinada (a muller que frega os pratos de ambas as dúas viñetas).

Os caciques, individuos ao servizo dos deputados nas vilas e cidades, eran, como sinalaba Benito Pérez Galdós nun artigo publicado en 1884 (Doc. 4), «os donos dos resortes administrativos» nas súas localidades: podían ofrecer favores aos amigos e impoñer obrigas aos inimigos, polo que tiñan nas súas mans o sentido do voto das persoas que se situaban baixo a súa influencia. O **cacique**, xa que logo, era un elemento fundamental na fraudulenta maquinaria electoral da Restauración, que como denunciaba o republicano federal catalanista, Valentí Almirall, en 1880, reduce o sufraxio, tanto ten que sexa universal ou restrinxido, a un único elector: o ministro de Gobernación. Este, co apoio dos gobernadores provinciais e un innumerable exército de intermediarios, entre os que o cacique local era o responsable, en última instancia, de carretar os votos ás urnas, «prepara, executa e consuma as eleccións [...] desde o fondo do seu despacho, situado no centro de Madrid [...]». Nada hai que sexa sagrado: listaxes electorais, urnas, escrutinio, todo é falseado polos nosos políticos baixo a inmediata dirección do gobernador civil de cada provincia» (Doc. 5). Con todo, se algo fallaba e non resultaba elixido o candidato previsto para que a quenda mudase, recorríase á manipulación directa dos resultados electorais, práctica que recibía o nome de «**pucheirazo**».

Debido a que esta práctica electoral **marxinaba do exercicio do poder a numerosos partidos políticos** (republicanos, socialistas e nacionalistas) que cada vez representaban a sectores máis amplos da sociedade, o sistema político da Restauración acabaría entrando nunha profunda crise.



UÑA POR UÑA E DENTE POR DENTE. OS POLÍTICOS SUXEITAN A «REPÚBLICA», 1881

3 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.

Os seguintes documentos serven de base para a realización dunha composición sobre a desamortización, que xunto con outras medidas (abolición do réxime señorial, desvinculación dos morgados...) conforman o que podemos considerar en conxunto a reforma agraria liberal. Os tres primeiros documentos explicitan o tipo de bens afectados por cada medida desamortizadora, e o primeiro deles expón os obxectivos que se pretenden acadar. Os dous últimos textos son valoracións do proceso desamortizador no seu conxunto feitas na época actual por historiadores, que deben axudarche a facer un balance do mesmo, pois o primeiro deles (Doc. 4) céntrase nos resultados sociais da desamortización, mentres o segundo (Doc. 5) atende sobre todo aos efectos financeiros e económicos.

***Proba de Acceso á Universidade (Comisión Interuniversitaria de Galicia), opción 1 de xuño de 2004.**

DOC. 1. DESAMORTIZACIÓN DE MENDIZÁBAL (1836).

Señora: vender a masa de bens que viñeron ser propiedade da nación non é tan só cumprir unha promesa solemne e dar garantía positiva á débeda nacional por medio dunha amortización exactamente igual ao produto das rendas; é abrir unha fonte abundantísima de felicidade pública, vivificar unha riqueza morta, desobstruír as canles da industria e da circulación, apegar ao país polo amor natural e vehemente a todo o propio, anchar a patria, crear novos e firmes vínculos que liguen a ela; é, en fin, identificar co trono excelso a Isabel II, símbolo da orde e da liberdade [...], crear una copiosa familia de propietarios [...].

Art. 1. Quedan declarados en venda desde agora todos os bens raíces de calquera clase que pertencesen ás comunidades e corporacións relixiosas extinguidas.

DOC. 2. DESAMORTIZACIÓN DE ÉSPARTERO (1841).

Art. 1.º Todas as propiedades do clero secular [...] son bens nacionais [...].

Art. 3.º Decláranse en venda todas as terras, dereitos e accións do clero catedral, colexial, parroquial, fábricas das igrexas e confrarías».

DOC. 3. DESAMORTIZACIÓN DE MADDOZ (1855).

Art. 1.º Decláranse en estado de venda [...] todos os predios rústicos e urbanos, censos e foros pertencentes: ao Estado; ao clero; ás Ordes Militares [...]; ás confrarías, obras pías e santuarios [...], aos propios e comúns dos lugares; á beneficencia; á instrución pública e calquera outros pertencentes a mans mortas, xa estean ou non mandados vender por leis anteriores».

Reimpresión del Boletín Oficial DE LA VENTA DE BIENES NACIONALES N.º 22.

FINCAS PARA CUYO REMATE SE HA VERIFICADO:

ANUNCIO N.º 75.

En virtud de la publicación de la venta de bienes nacionales hecha en los 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31 de los días 12 y 13 de junio anteriores, a las 10 y 11 y 12 y 13 y 14 y 15 y 16 y 17 y 18 y 19 y 20 y 21 y 22 y 23 y 24 y 25 y 26 y 27 y 28 y 29 y 30 y 31 de los días de ayer en las Casas Consistoriales de esta M. H. V. las fincas siguientes.

Jurado del Sr. D. Beato Serrano y Aliaga.

FINCAS.	Tarjetas en m. y cent.	Se han rematado en reales vellón.
Una casa sita en esta corte, calle del Carmen, n.º 25, manz. 322, que tiene de sitio 695 pies cuadrados.	78.647	160.000.
Otra id. id. calle de la Florida (hoy del Barquillo), n.º 28, manz. 329, que tiene de sitio 723 pies cuadrados.	83.848	200.000.
Otra id. id. calle del Infante, n.º 4, manz. 225, que tiene de sitio 1275 pies cuadrados.	111.848	210.000.
Jurado del Sr. D. Luis Magaña.		
Otra id. id. calle de los Tintes (hoy del Bonetillo), n.º 9, manz. 416, que tiene de sitio 1732 pies cuadrados.	127.708	145.000.
Otra id. id. calle de la Florida (hoy del Barquillo), n.º 28, manz. 329, que consiste de sitio 6137 pies superficiales.	53.000	127.000.
Otra id. id. calle de las Provisiones, n.º 3 y 1, manz. 36, que tiene de sitio 2109 con tres diez y seis avos pies cuadrados.	54.643	120.000.
Otra id. id. calle de S. Bartolomé, n.º 20, manz. 209, que tiene de sitio 1554 pies cuadrados.	54.315	60.000.
Otra id. id. calle de la Focilizana, n.º 17, manz. 418, que tiene de sitio 1485 pies cuadrados.	64.000	78.000.
Otra id. id. calle del Caballero de Gracia n.º 48, manz. 359, que tiene de sitio 4074 pies cuadrados.	257.043	511.000.

BOLETÍN OFICIAL COA PÁXINA DA DESAMORTIZACIÓN DE 1836.

DOC. 4. ANÁLISE DA DESAMORTIZACIÓN DE FRANCISCO TOMÁS Y VALIENTE.

En suma: que a desamortización municipal se cadra non debeu facerse e que a de bens eclesiásticos e outras «mans mortas» non debeu facerse como se fixo. Pero toda a burguesía, mesmo a de esquerdas, quixo desamortizar, e por conseguinte a desamortización foi un feito consumado [...].

Tamén considero innegable que o sistema desamortizador preferible en función do logro duns beneficios xerais, non debeu ser o de Mendizábal e Madoz (isto é, o do partido progresista), senón o aconsellado no seu día por Flórez Estrada [...]. Este era o único capaz de facilitar a creación dunha clase media rural de pequenos propietarios, coa que se estabilizaría no noso país o réxime liberal, e se enchería o baleiro entre o latifundista e o braceiro.

O xurista e historiador Francisco Tomás y Valiente axulza a desamortización.

DOC. 5. ANÁLISE DA DESAMORTIZACIÓN DE JOSEP FONTANA.

Para que serviu a desamortización? Desde o punto de vista do goberno a resposta é relativamente sinxela. Na etapa de Mendizábal, para salvaro da bancarrota e axudarlle a gañar a guerra civil. Na da chamada lei Madoz, para financiar a construción da rede ferroviaria. Penso que a medida exacta en que estas vendas redundaron en proveito do Estado non debe minimizarse.

O historiador Josep Fontana valora a desamortización

Resposta modelo

A **desamortización**, xunto con outras medidas aprobadas nas Cortes de Cádiz e por distintos gobernos liberais ao longo do século XIX, como a abolición do réxime señorial e a desvinculación dos morgados, foi a principal estratexia do proceso de transformación agraria do século XIX, aínda que non todos os autores a consideraran unha verdadeira reforma agraria.

No transcurso do proceso desamortizador pódense distinguir **tres fases**, aínda que a primeira tivo escasa repercusión práctica debido aos períodos históricos en que se puxo en marcha; nese sentido, cómpre salientar no proceso desamortizador os seguintes momentos fundamentais:

- A **desamortización de Mendizábal** (Doc. 1), que iniciou o proceso desamortizador en 1836 ao pór en «venta todos os bens raíces que pertencesen ás comunidades relixiosas extinguidas».
- A **desamortización de Espartero** (Doc. 2) **amplía os bens afectados** pola desamortización, que se estenden a todos os bens eclesiásticos.
- A **desamortización de Madoz** (Doc. 3), que inicia de novo o proceso desamortizador en 1855, paralizado tras a suspensión realizada polo goberno moderado de Narváez en 1844, ao **pór en venda, tanto os bens da Igrexa como os bens do Estado e dos concellos**, aínda que estes últimos podían non vendelos se os consideraban de interese común.

Nos tres casos, aínda que só se recolle explicitamente no Preámbulo da lei desamortizadora de Mendizábal, na que se xustificaba a medida, o obxectivo era «crear unha copiosa familia de propietarios» (Doc. 1) que por medio da compra dos bens desamortizados achegase capital ao Estado co que facer fronte ás súas necesidades. Neste sentido, como sinala o historiador Josep Fontana, a desamortización serviu, **na etapa de Mendizábal (1836-1844), para salvar o Estado «da bancarrota e axudarlle a gañar a guerra civil [contra os carlistas]»** (Doc. 5); así mesmo, tamén como sinala Fontana, a **desamortización de Madoz (1855) foi fundamental no desenvolvemento da rede ferroviaria española** entre 1855 e 1867, período en que se puxeron en venda a maior parte dos bens afectados. Por esa razón, debemos concluír, como o fai o historiador Josep Fontana, que non debe minimizarse o alcance do proceso desamortizador.

A desamortización **logrou os obxectivos financeiros** que se propuña ao obter unha importante fonte de ingresos para o estado. **Politicamente tamén foi un éxito**, pois conseguiu que os compradores dos bens desamortizados (vellos aristócratas, novos burgueses e altos xerarcas da Administración, o exército e mais a Igrexa), se consolidasen como unha elite social afín ao novo réxime liberal. Non obstante, **as consecuencias socioeconómicas non foron tan positivas**.

Neste sentido, como sinala o xurista e historiador Francisco Tomás y Valiente, en contra do declarado por Mendizábal, **o proceso desamortizador non creou «unha copiosa familia de propietarios»** (Doc. 1), **todo o contrario**: o proceso de desamortización favoreceu a **xente adifneirada** procedente tanto da nobreza coma da burguesía; neste sentido, o autor valora negativamente a desamortización de Mendizábal e de Madoz e mostra a súa opinión favorable ao modelo aconsellado por Flórez Estrada, «o único capaz de facilitar a creación dunha clase media rural de pequenos propietarios, coa que se estabilizaría no noso país o réxime liberal e se enchería o baleiro existente entre o latifundista e o braceiro» (Doc. 4). Daquela, o balance

que se debe facer do proceso desamortizador no aspecto socioeconómico debe ser positivo en tanto que permitiu, na maioría dos casos, a obtención da propiedade plena da terra, e negativo en tanto que ese proceso de propietarización tan só beneficiu as clases máis acomodadas da sociedade española.

En **Galicia**, non obstante, cómpre facer unha lectura menos positiva do proceso de desamortización debido a que a desamortización **perpetuou a estrutura da propiedade** (feudal) procedente do Antigo Réxime ao non producirse unha transferencia de terras, senón dos **dereitos forais a percibir rendas da terra**. Neste sentido, a desamortización, en troques de por fin á explotación señorial do campesiñado, apenas significou un relativo cambio de mans dos explotadores, pois á fidalguía, que conservou a súa condición de perceptora de rendas, sumouse á burguesía vilega. Daquela, a desamortización implicou, ademais, outras dúas consecuencias negativas para o desenvolvemento económico de Galicia:

- A **sobreexplotación do campesiñado**, que seguiu sometido ao pagamento de foros en especies ao que se lle sumou a obriga de pagar os novos impostos liberais, dos que os máis arbitrarios eran a contribución territorial e o de consumos.
- O **xurdimento dunha burguesía vilega rendista**, máis interesada en investir o seu capital en rendas ca en actividades comerciais ou industriais.

Como consecuencia diso, produciuse **unha crise agraria finisecular** que serviu de factor desencadeante dun proceso de revolución agraria que se caracterizou por desenvolver e consolidar tres procesos paralelos de modernización do campo: a definitiva propietarización do labrego foreiro, a introdución de innovacións técnicas e a mercantilización das actividades agropecuarias, que están en estreita relación co desenvolvemento agroindustrial do campo galego nas primeiras décadas do século XX.



MENDIZÁBAL

PREPARAR A PROBA DE SELECTIVIDADE

Prácticas resoltas

3 Desenvolve un tema a partir de documentos históricos.

Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre o movemento obreiro en España desde as súas orixes ata a crise da Restauración. Estructurando libremente a túa composición á luz dos documentos, e tendo en conta a súa contextualización, debes atender cando menos aos seguintes aspectos: razóns e reivindicacións obreiras, formas de organización e loita, e caracterización ideolóxica das principais organizacións obreiras.

***Proba de acceso á Universidade (Comisión Interuniversitaria de Galicia), opción 2 de xuño de 2007.**

DOC. 1. O LUDISMO EN GALICIA.

A mediados do século XIX a principal fábrica en Galicia era a Fábrica de Tabacos da Coruña, onde houbo varios episodios de loita obreira, entre eles a destrución das máquinas:

O luns 7 do actual houbo un pronunciamento de mulleres na fábrica da Palloza desta cidade (A Coruña).

Parece que, no canto dos cigarros que antes se facían nesta fábrica, están agora ensaiando a construción doutros de diferente feitura e [...] crearon un taller de pitos cunha máquina para picar o tabaco. Como ambas as operacións son novas, non se prestan nin acomodan a elas as cigarreiras, porque non saben facelos, tardando tanto en elaboralos que apenas sacan a terceira parte do xornal que adoitaban [...]. Alporizáronse aquelas catro mil mulleres, arremetendo contra os xefes e empregados do establecemento, destruindo todo o tabaco [...], romperon e fixeron anacos as máquinas novas [...], tirándoas ao mar, o mesmo que os mobles, papeis, libros de caixa e efectos que atoparon nos cuartos do director.

El País, Diario de Pontevedra, 13 de decembro de 1857.

DOC. 3. O MEDO AO MOVEMENTO OBREIRO.

Neste artigo advírtese do perigo que para a orde establecida supón a Asociación Internacional de Traballadores (AIT).

Proba en verdade que atinxe a reis e pobos, a sacerdotes e profanos, ao cidadán humilde e ao elevado magnate, á relixión, á moral, á propiedade, ao traballo; á autoridade, á liberdade, á paz pública; á patria, á familia, á seguridade persoal; á orde, ao goberno, á economía política; e en fin, a todas as entrañas da vida da humanidade.

¡Tremendo retroceso habería sufrir esta se en tal proba saísen vencidos os principios tutelares da súa existencia e desenvolvemento!

E vencidos saírían se os ánimos rectos, se os homes que teñen os seus intereses morais e materiais ameazados, se as clases lexitimas cegamente combatidas non abrisen a tempo os ollos para ver e evitar o abismo ao que empurra á sociedade enteira esa tempestade de erros [...], políglota e cosmopolita, que se titula a Asociación Internacional.

La defensa de la Sociedad, setembro de 1872.



FÁBRICA DE TABACOS DE CORUÑA.

DOC. 2. PETICIÓN OBREIRAS.

Señores Deputados das Cortes Constituíntes:

Hai anos que a nosa clase vai camiñando cara á súa ruína. Os salarios minguan. O prezo dos comestibles e dos cuartos é máis alto. As crises industriais sucédense. Temos que [...] mandar ao taller as nosas donas con prexuízo da educación dos nosos fillos, sacrificar a estes mesmos fillos a un traballo prematuro.

É xa gravísimo o mal, urxe o remedio, e agardámolo de vós. Non pretendemos que ataqueades a liberdade do individuo, porque é sagrada e inviolable; nin que matedes a concorrência, porque é a vida das artes; nin que carguedes sobre o Estado a obriga de socorremos, porque coñecemos os apuros do Tesouro. Pedímosvos unicamente o libre exercicio dun dereito: do dereito de ASOCIARNOS.

Hoxe concédesenos só para favorecernos nos casos de enfermidade ou de falta de traballo; concédasenos en adiante para opoñernos ás desmedidas esixencias dos donos dos talleres, establecer de acordo con eles tarifas de salarios, procurar os artigos de primeira necesidade a baixo prezo, organizar o ensino profesional e fomentar o desenvolvemento da nosa intelixencia, atender a todos os nosos intereses.

El Eco de la clase obrera, setembro de 1855.

DOC. 4. A CRISE DE 1917.

Manifesto conxunto da UGT e da CNT onde propoñen a folga xeral, que sería convocada definitivamente en agosto do mesmo ano.

O proletariado organizado chegou así ao convencemento da necesidade da unificación das súas forzas nunha loita común contra os amparadores da explotación erixida en sistema de goberno. E respondendo a este convencemento, os representantes da Unión General de Trabajadores e os da Confederación Nacional del Trabajo acordaron por unanimidade: Primeiro: [...] co fin de obrigar ás clases dominantes a aqueles cambios fundamentais de sistema que garantan ao pobo o mínimo das condicións decorosas de vida e de desenvolvemento das súas actividades emancipadoras, imponse que o proletariado empregue a folga xeral, sen prazo definido de terminación, como a arma máis poderosa que posúe para reivindicar os seus dereitos.

Manifesto conxunto da UGT e da CNT, marzo de 1917

Resposta modelo

A xénese e o desenvolvemento do movemento obreiro, en tanto que manifestación política e sindical do proletariado industrial, está estreitamente relacionada coa toma de **conciencia de clase**, cuns intereses de seu e, xa que logo, ben distintos dos que lle son propios á **burguesía**.

Os primeiros chanzos na xénese do movemento obreiro tomaron a forma de **manifestacións espontáneas de rebeldía** fronte ás **duras condicións laborais** ás que estaba sometida a clase traballadora ou contra o proceso de mecanización, que consideraban contrario aos seus propios intereses. A destrución en 1857 das máquinas da Fábrica de Tabacos da Coruña polas propias traballadoras («cigarreiras»), un feito ao que se fai referencia no Doc. 1, é unha das últimas mostras dese espontaneísmo inicial do que podemos atopar numerosos precedentes, como os motíns de Alcoi de 1819 ou o incendio da fábrica de Bonaplata de Barcelona en 1835. Neste sentido, o **ludismo** que caracteriza o momento inicial do movemento obreiro, axiña deu paso ao **asociacionismo** e a outras formas de mobilización fronte á explotación laboral.

A petición dirixida ás Cortes, en setembro de 1855 (Bienio Progresista), polos republicanos encabezados por Pi i Margall e recollida en El Eco de la Clase Obrera (Doc. 2), sitúa o movemento obreiro nun **novo chanzo organizativo**: en primeiro lugar, hai unha exposición razoada das condicións de vida da clase traballadora (baixos salarios, carestía dos bens de consumo, traballo infantil...); en segundo lugar, hai unha petición clara e ben motivada («Non pretendemos que ataqueades a liberdade do individuo [...] Pedírmovos unicamente o libre exercicio dun dereito: do dereito de ASOCIARNOS»). Non obstante, aínda que a petición remata cun chamamento a «atender a todos os nosos intereses», o certo é que o documento (a Exposición presentada pola clase obreira) mostra un elemento decisivo desta fase evolutiva do movemento obreiro: a súa **dependencia dos partidos republicanos**, a través dos que canalizaba as súas demandas, polo que aínda non conquistara a plena autonomía organizativa.

Houbo que esperar ao **Sexenio revolucionario** para que o proletariado superase esa alianza entre republicanos e obreiros en favor dun **movemento exclusivamente obreiro e revolucionario**. A expresión desa nova estratexia do movemento obreiro foi a **Asociación Internacional de Traballadores** (I Internacional); fundada en Londres en 1864, en 1870 xa estaba presente nas rexións máis industrializadas de España (Cataluña, Biscaia, Madrid... e nalgúns cidades galegas), onde organizou a loita obreira e as folgas con **obxectivos** moi concretos: **melloras salariais, redución da xornada laboral, prohibición do traballo infantil**, supresión dos consumos...

Desde o primeiro momento, os **políticos liberais**, como se desprende do artigo publicado en setembro de 1872 en La Defensa de la Sociedad (Doc. 3), **opuxéronse radicalmente** ás actividades da Internacional, á que acusan de ser unha verdadeira ameaza «a todas as entrañas da vida da humanidade», ás que anteriormente se referira: relixión, moral, propiedade, autoridade, goberno e orde, entre outras. Por esa razón, sobre todo tras a **participación dos anarquistas na sublevación cantonalista de 1873**, os **internacionalistas**, tanto os anarquistas (aliandistas, maioritarios en Levante) coma os socialistas, **foron duramente reprimidos** durante os primeiros anos da Restauración.

A partir dese momento, as **diferenzas entre socialistas**, que defendían a conquista do poder político pola clase traballadora para lograr a transformación da sociedade de acordo cos seus intereses, e os **anar-**

quistas, que defendían a eliminación de calquera forma de poder por considerala un ataque contra a liberdade individual, fixéronse cada vez maiores, polo que remataron organizándose separadamente.

Así, entre 1879, data de **fundación do Partido Socialista Obrero Español** (PSOE), de **inspiración marxista**, por Pablo Iglesias, e 1888, data de fundación da **Unión General de Trabajadores** (UGT), o **sindicato socialista**, consolidouse a estratexia política e sindical socialista, que defendía a mobilización obreira (folgas, manifestacións...) e a participación política como medio para alcanzar o obxectivo final: a fin da opresión.

Fronte á corrente socialista, os **anarquistas**, inicialmente o grupo maioritario, esmoreceron a partir de 1888. Reducida a súa incidencia á actividade desenvolvida por grupos locais con escasa forza e a accións terroristas individuais (bombas do Liceo de Barcelona, asasinato de Cánovas...), en 1910 volveron recuperar a súa forza reivindicativa ao agruparse na **Confederación Nacional del Trabajo** (CNT). A CNT defendía a unidade de acción entre os sindicatos co obxectivo de derrotar á burguesía, destruír as institucións burguesas e alcanzar a emancipación da clase traballadora mediante a folga, a sabotaxe e a folga xeral.

Precisamente como consecuencia deste desenvolvemento organizativo da clase traballadora, os **primeiros anos do século XX** caracterizáronse por unha **gran conflitividade obreira**. Non obstante, por eses anos, o obxectivo das mobilizacións obreiras non só era conseguir melloras salariais e das condicións laborais; a **partir dese momento, a clase traballadora comezou a perseguir obxectivos sociais e políticos**.

Nese contexto de aumento da conflitividade e de conquistas sociais (lei de accidentes laborais, lei de protección do traballo das mulleres e dos nenos, redución da xornada laboral...), marcado pola crise do sistema bipartidista da Restauración, en 1917, os sindicatos CNT e UGT convocaron unitariamente a unha **folga xeral** «contra os amparadores da explotación erixida en sistema de goberno [...] co fin de obrigar ás clases dominantes a aqueles cambios fundamentais de sistema que garantan ao pobo o mínimo das condicións decorosas de vida e de desenvolvemento das súas actividades emancipadoras» (Doc. 4). Malia que a folga foi **duramente reprimida**, a conflitividade social seguiu en aumento nos anos posteriores, o que foi unha das razóns da burguesía, dos terratenentes e doutros sectores sociais para apoiar o golpe de Estado de Primo de Rivera e a posterior ditadura.



OBREIROS E ENXEÑEIRO NUNHA SIDERÚRICA ASTURIANA A FINS DO XIX.